



15 ARELAS cumpridas,
moitas máis por soñar



<https://www.facebook.com/AsociacionArela>



@AsociacionARELA

“A ASOCIACIÓN ARELA, A ASOCIACIÓN ALENTO E A POLICÍA LOCAL DE PONTEVEDRA, XUNTOS CUN GRUPO DE MENORES INFRACTORES DA PROVINCIA, NUN PROGRAMA DE EDUCACIÓN VIAL”

(5 sesións diferenciadas farán que un grupo de menores infractores da provincia de Pontevedra coñezan in situ o traballo da Policía Local e realicen actividades conxuntas coa Asociación ALENTO, perseguindo unha finalidade educativa e de sensibilización que os axude a mudar hábitos inadecuados).

Durante este mes de outubro, nos Centros de Intervención Educativa en Medio Aberto (CIEMA) que a Asociación ARELA ten en Vigo e Pontevedra trabállanse aspectos relacionados coa Educación Viaria. Nestes centros, atendemos a menores que cometen feitos tipificados coma delitos ou faltas e que teñen a obriga de cumprir medidas xudiciais en medio aberto (Liberdades Vixiadas, Tarefas Socioeducativas, Prestacións en Beneficio da Comunidade, ...) na súa maior parte do Xulgado de Menores de Pontevedra.

Un ano máis, e xa é a terceira ocasión na que se realiza este programa, vóltase a facer un traballo específico en educación Viaria co colectivo de adolescentes que cumpren diferentes medidas xudiciais. Pouco a pouco vaise afianzando este programa coma unha actividade exemplarizante e moi educativa non so para os menores, se non tamén para os usuarios da Asociación Alento e os axentes da Policía Local de Pontevedra.

O obxectivo principal desta formación é promover un cambio de actitudes e valores que permitan una conduta vial responsable, tanto os menores como para o resto de usuarios e usuarias das vías, ademais de prevenir a comisión de delitos relacionados coa seguridade viaria.

Baixo o título, “Adolescente, con permiso!”, durante tres semanas consecutivas os mozos recibiron sesións teóricas de xeito grupal, explicándoselle os conceptos teóricos básicos dunha correcta educación viaria, reforzados a través de vídeos explicativos e presentacións realizadas para que se poidan traballar estes conceptos dende un contexto máis informal e menos sentido de aula.

O mércores 23 de outubro, coincidindo coa semana na que se celebra o Día do Dano Cerebral adquirido (26 de outubro), os menores desprazaranse á sede da Asociación Alento de Vigo, dirixida por Gonzalo Mira, entidade que traballa con persoas que teñen dano cerebral adquirido, moitos deles por accidentes de tráfico. A sesión inclúe unha visita guiada, na que os propios usuarios farán de anfitrións dos menores, para posteriormente pasar a unha parte de intercambio de experiencias, no que a través do relato de varias historias tentarán concienciar ós menores sobre o importante da súa responsabilidade e a que

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: arela@arela.org Páxina Web: www.arela.org



15 ARELAS cumpridas,
moitas máis por soñar



<https://www.facebook.com/AsociacionArela>



@AsociacionARELA

respecta a terceiras persoas. Posteriormente pasarase a xogar a unha práctica deportiva coñecida coma "boccia" na que disputarán un encontro amistoso entre estas dúas realidades. Polo tanto, a través de conversas cos diferentes usuarios e mediante o uso de xogos específicos participarán nunha xornada lúdica buscando unha finalidade de gran carga emotiva e educativa para todos, perseguindo poñer en práctica habilidades sociais de cara a promover a empatía de cara os demais.

Posteriormente o 30 de outubro os menores desprazaranse ás instalacións da Policía Local en Pontevedra, e a través das explicacións do Coordinador de Educación Viaria deste corpo policial, Antonio Duarte Solla, farán unha visita guiada polas instalacións deste corpo policial, e coñeceran in situ o traballo destes profesionais. A segunda parte desta visita contempla o desprazamento ó Parque móbil sito en Mollabao, onde a través de prácticas reais mediante o uso de bicicletas nun circuito pechado, simularán situacións reais de tráfico e onde analizaranse as principais infraccións.

O obxectivo principal dos CIEMA da Asociación ARELA é acadar a non reincidencia dos menores, a responsabilidade e autonomía persoal, así como a aprendizaxe, coa cooperación dos axentes sociais e das familias.

Asociación ARELA
CIEMA ARELA de Pontevedra
Rúa Ramón Cabanillas, 1 baixo
36004 Pontevedra
Teléfono: 986 846 752
Persoa de contacto: Julio Barreiro González (Director do CIEMA de Pontevedra)

Asociación ARELA
Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo
36205 Vigo Pontevedra
Teléfono e Fax: 986.212.537
Mail: arela@arela.org Páxina Web: www.arela.org